



COMUNICADO AOS MEDIOS CO ROGO DA SÚA DIFUSIÓN

O BNG rexeita a moción do PP contra as Normas do Hábitat

O BNG de Xinzo lamenta a irresponsábel actuación promovida polo Partido Popular coa presentación dunha moción polo trámite de urxencia no Pleno celebrado o pasado xoves 24 onde se solicitaba a Derrogación do actual Decreto das Normas do Hábitat Galego.

Na exposición de motivos que xustifican tal despropósito aducen cuestións como: evidentes perxuizos para os veciños, normas improvisadas e ambiguas, inxerencia e ataque a autonomía municipal, norma intervencionista, aumento dos prezos un 30%, parálise dos planeamentos en redacción, paralización dos sectores produtivos,...

Desde o BNG de Xinzo acláraselle ao PP que a Lei do Hábitat Galego fíxose pública mediante Decreto do 20 decembro 2007, tras dous anos de redacción. Trátase dunha norma onde se prima a humanización e a habitabilidade fronte á especulación e o urbanismo agresivo en colmea. É unha iniciativa europeísta con forte implantación na meirande parte dos países da Unión Europea (incluído Portugal) polo que, desde o BNG de Xinzo denunciámos a demagóxica, irresponsábel e falta de sensibilidade postura do medo e do atraso do noso Goberno Municipal nunha cuestión onde, si algo se prioriza, é a procura dunha maior calidade de vida e servizos para a cidadanía, cousa que dende logo o PP de Xinzo parece non ter coma obxectivo.

Amador Díaz Penín
Portavoz do Grupo Municipal do BNG no Concello de Xinzo da Limia

Xinzo da Limia | 25-04-2008

Máis información en: www.bng-xinzo.org